



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **DOCE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Non asiste: **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE INTENCIÓN S PARA A COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A ESTRADA, BOQUEIXÓN, SILLEDA, TEO, TOURO, VEDRA E VILA DE CRUCES PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO "ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DA ULLA - XENERAIS DA ULLA".**
- 3º.- **RENOVACIÓN DA CESIÓN DE USO DO SOLAR SITO EN A BANDEIRA (SILLEDA) NA RÚA FEIRA DE BANDEIRA, Nº 6, COMO CAMPO DE PETANCA POR PARTE DE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ.**
- 4º.- **ACORDOS DE EMERGENCIA SOCIAL.**
- 5º.- **RESOLUCION DE INADMISIBILIDADE DA RECLAMACION DE INDEZA S.L. AOS ORZAMENTOS DO 2016, DURANTE O PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 15 de Decembro de 2015.

2º.- **APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE INTENCIÓN S PARA A COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A ESTRADA, BOQUEIXÓN, SILLEDA, TEO, TOURO, VEDRA E VILA DE CRUCES PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO "ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DA ULLA - XENERAIS DA ULLA".**

A proposta do Sr. Alcalde se aproba o Protocolo aludido segundo o texto que se transcribe:

"PROTOCOLO DE INTENCIÓN S PARA A COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE

COMPOSTELA, A ESTRADA, BOQUEIXÓN, SILLEDA, TEO, TOURO, VEDRA E VILA DE CRUCES PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO "ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DA ULLA - XENERAIS DA ULLA"

En Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2016

O Concello de Santiago de Compostela, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Martiño Noriega Sánchez; o Concello da Estrada, representado polo seu Alcalde, Sr. D. José Carlos López Campos; o Concello de Boqueixón, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Ovidio Rodeiro Tato; o Concello de Silleda, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Manuel Cuiña Fernández; o Concello de Teo, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Rafael C. Sisto Edreira; o Concello de Touro, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Ignacio Codesido Barreiro; o Concello de Vedra, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Carlos Martínez Carrillo, e o Concello de Vila de Cruces, representado polo seu Alcalde, Sr. D. Jesús Otero Varela,

Recoñecéndose as partes, a competencia e capacidade legalmente necesarias para formalizar o presente Protocolo e quedar obrigadas na representación en que efectivamente interveñen,

MANIFESTAN

Que, os oito Concellos enriba mencionados teñen entre os seus fins o desenvolvemento económico dos seus respectivos Concellos, a través da dinamización do sector turístico.

Que o patrimonio cultural e etnográfico é un dos principais elementos de atractivo da zona.

Que a tradición de Entroido coñecida como "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla" é un elemento singular que está presente ao longo do territorio denominado comarca natural da Ulla, do que forman parte todas ou algunha das parroquias dos oito Concellos enriba citados.

Que a tradición do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla" conta coa suficiente profundidade e atractivo patrimonial e etnográfico para constituírse nun novo polo de atracción turística de primeira orde.

Que esa tradición do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla" é celebrada polos veciños de case trinta lugares e parroquias dos devanditos oito Concellos.


Que se precisa garantir a perdurabilidade desa tradición, nomeadamente incrementando a escasa difusión turística existente actualmente e afondando na creación de produtos turísticos asociados á mesma.

Que, polo tanto, son precisas accións integrais e conxuntas de mellora da calidade da información e da promoción turística desa tradición popular.

Que, en calquera caso, as relacións de cooperación intermunicipal deben respectar e garantir a respectiva autonomía municipal, como sinal de liberdade plena de todas as comunidades na definición e aceptación dos seus compromisos.

Que, esta cooperación debe verse en todas aquelas accións que mediante a súa xestión e execución, teñan como obxectivo principal a promoción conxunta do "Entroido da Ulla - Xenerais da Ulla", como elemento básico de cada unha das comunidades que conforman os oito Concellos e con iso contribuír ao desenvolvemento turístico e económico enriba citado.

Que os oito Concellos citados, tendo interese en desenvolver a cooperación a partir das súas realidades, resolveron o 3 de febreiro de 2012 unir esforzos para que as oito institucións traballasen conxuntamente para o promoción e o desenvolvemento do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla", para o que foi asinado un Protocolo de Colaboración para a Promoción Conxunta deste Entroido, que tivo como principal



resultado a consecución da Declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia o pasado setembro de 2013, e que con data de hoxe se procede a actualizar e reforzar.

Polo exposto, ACORDAN:

Primeiro: Dar continuidade, mediante o presente documento unha relación de cooperación técnica e intercambio de boas prácticas co obxecto do lanzamento de novos proxectos no ámbito da promoción turística do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla".

Segundo: Comprometerse a colaborar e cooperar entre si co fin de conseguir que ás súas respectivas comunidades obteñan un maior estado de benestar social a través da promoción turístico-económica desta tradición.

Terceiro: Levar a cabo as relacións mediante accións solidarias de intercambio de información e experiencias, de visitas e de colaboración política e técnica.

Os puntos de colaboración entre as citadas entidades no ámbito concreto da promoción turística do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla" son, con carácter enunciativo e non limitativo, os seguintes:

- *Deseñar e elevar propostas conxuntas co obxecto de potenciar o "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla".*
- *Colaborar e apoiar nas xestións necesarias coas diferentes Administracións, para a consecución de financiamento destinado á promoción da citada celebración tradicional.*
- *Asistir ás xuntanzas de coordinación que se establezan.*
- *Poñer a disposición os recursos propios, incluíndo os técnicos, de cada Concello, sempre e cando non supoñan custe adicional.*
- *Informar puntualmente a cada un dos outros Concellos, de todos os eventos organizados ou participados que teñan relación coa promoción conxunta en cuestión.*
- *Intercambiar información e documentación, para a súa difusión entre os oito Concellos.*
- *Colaborar e participar nas xornadas, mesas de traballo, etc., que as oito entidades municipais citadas organicen, con obxecto de potenciar e favorecer o impulso do "Entroido Rural Tradicional da Ulla - Xenerais da Ulla".*
- *Establecer canles de comunicación e coordinación continua entre todas as entidades municipais implicadas.*

Cuarto: A posibilidade de detallar no futuro, mediante adendas ou convenio específicos, os proxectos que se poñan en marcha e as accións que se executen tendo como marco este Protocolo de Intencións.

Quinto: Adquirir por parte de cada unha das oito partes, o compromiso de respectar a autonomía municipal das restantes.

Sexto: Establecer unha Comisión formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, para o seguimento e desenvolvemento das actuacións contempladas neste Protocolo.

Esta Comisión reunirse polo menos unha vez cada tres meses, ou sempre que así o soliciten catro dos asinantes, cunha antelación mínima de cinco días.

O funcionamento da Comisión adaptárase ao estipulado para os órganos colexiados no Capítulo II, do Título II da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétimo: Que, o presente Protocolo non supón achega económica algunha por parte dos Concellos asinantes.

Oitavo: Que o presente Protocolo entre en vigor aos efectos establecidos o día da súa sinatura, e teña unha duración dun ano desde a mesma, podendo ser prorrogado por períodos anuais, sempre que non exista denuncia expresa por algunha das partes, a que terá que notificarse como mínimo un mes antes do vencemento do prazo do protocolo.

O que se asina por octuplicado en Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2016.

*Asdo. Sr. D. Martiño Noriega Sánchez Asdo. Sr. D. José Carlos López Campos
Alcalde de Santiago de Compostela Alcalde da Estrada*

*Asdo. Sr. D. Ovidio Rodeiro Talo Asdo. Sr. D. Manuel Cuiña Fernández
Alcalde de Boqueixón Alcalde de Silleda*

*Asdo. Sr. D. Rafael C. Sisto Edreira Asdo. Sr. D. Ignacio Codesido Barreiro
Alcalde de Teo Alcalde de Touro*

*Asdo. Sr. D. Carlos Martínez Carrillo Asdo. Sr. D. Jesús Otero Varela
Alcalde de Vedra Alcalde de Vila de Cruces"*

3º.- RENOVACIÓN DA CESIÓN DE USO DO SOLAR SITO EN A BANDEIRA (SILLEDA) NA RÚA FEIRA DE BANDEIRA, Nº 6, COMO CAMPO DE PETANCA POR PARTE DE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ.

A proposta do Sr. Alcalde se acorda renovar a cesión do uso do solar antedito, de acordo co Convenio que se transcribe:

"En Silleda, a día 1 de Decembro de 2015

REUNIDOS

De unha parte, DON CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ, maior de idade, casado, veciño de Silleda,, con domicilio en Avenida do Parque, 14-2º, en posesión de DNI 76794345.

De outra parte, DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Silleda.

Ambas-las dúas partes recoñécense mutuamente capacidade abonda para suscribir o presente documento, o primeiro en seu nome propio, e o segundo en representación do Concello de Silleda, e a tal fin

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Don Carlos García Fernández, e propietario dun terreo sito en Bandeira(Silleda) na Rúa Feira de Bandeira, nº 6. Perténcelle por te-lo herdado de seus pais Manuel García Vázquez e María Consuelo Fernández Niveiros. O uso de dito terreo foi cedido temporalmente por parte de Don Carlos García ao Concello de Silleda, nos termos que figuran nos documentos que suscribiron anualmente dende o ano 2007.

SEGUNDO.- Que é intención dos suscribintes prorrogar por un ano aquela cesión de uso do referido solar como campo de petanca, no que o Concello, coa autorización do propietario, ten instalada unha carpa móvil durante os meses de inverno para unha máis axeitada utilización do solar cedido; todo elo segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A cesión de uso do terreo referido terá unha duración de dous anos, prorrogándose por períodos de igual tempo sempre e cando o titular do terreo non o destine a outro uso.

SEGUNDA.- O Concello de Silleda asume as seguintes obrigas:

- a) Soamente poderá destinar este solar ao uso recollido no segundo dos exponendos deste contrato.*
- b) Executará a súa costa tódalas actuacións necesarias para adecuar, acondicionar e manter o solar para o fin establecido.*
- c) Será o único responsable a tódolos efectos legais do establecemento, xestión e mantemento deste servizo público sen que o propietario teña responsabilidade algunha, nin contractual nin extracontractual fronte ó Concello nin fronte a terceiros usuarios do devandito campo de petanca, comprometéndose o Concello a contratar unha póliza de responsabilidade civil para fecer fronte as eventuais incidencias que se deriven de ese uso público*
- d) Executará a súa costa un peche vexetal segundo a tipoloxía municipal.*

O Concello de Silleda non adquire dereito algún sobre o terreo, estando obrigado a deixar este solar vacuo, expedito e a disposición do seu titular no prazo dun mes dende que o propietario comunique ó Concello por escrito, que vai ser necesario a súa utilización para outro uso.

O mero transcurso deste prazo dun mes dende que se comunique por escrito ó Concello que se vai edificar no solar dará dereito o seu propietario a escomenzar as obras nel, considerándose como obxectos abandonados a tódolos efectos legais calquer que se encontre dentro do solar.

TERCEIRA.- A únicas obrigas do propietario serán permitir que O Concello de Silleda destine o terreo da súa propiedade como campo de petanca, e coa súa autorización, poda instalar unha carpa móvil durante os meses de inverno, permitindo que no referido solar O concello poida realizar cántas actuacións sexan necesarias para o acondicionamento, xestión e mantemento do mesmo, así como a comunicar por escrito e con un mes de antelación que van comenza-las obras sa xexa obra maior ou obra menor.

CUARTA.- Durante a vixencia do convenio será o Concello de Silleda quen se faga cargo do abono do IBI relativo á finca cedida.

E para que así conste, asíñase o presente documento en dous exmplies e no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

Asdo. Manuel Cuiña Fernández
ALCALDE

Asdo. Carlos García Fdez
PROPIETARIO*

4º.- ACORDOS DE EMERGENCIA SOCIAL.

A proposta da Sra. Conselleira, e cos informes preceptivos da traballadora social, se aproban os expedientes de emerxencia social que seguen:

4.1.- *M.L.A.A.*, por importe de 525 € como axuda para abonar parcialmente as cantidades pendentes polo aluguer da vivenda (Outubro, Novembro e Decembro).

4.2.- *J.C.F.*, por importe de tres recibos de electricidade dos meses de Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto e Setembro por importe de 189,24 € (167,35 + enganche de 21,89).

5º.- RESOLUCION DE INADMISIBILIDADE DA RECLAMACION DE INDEZA S.L. AOS ORZAMENTOS DO 2016. DURANTE O PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA.


FEITOS E CONSIDERACIONES XURIDICAS.

1.- **Orzamentos 2016.** Os Orzamentos do exercicio do 2016, logo de ser aprobados inicialmente no Pleno celebrado o 26 de Novembro de 2015, e da súa exposición ao público polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte o da inserción do Edito no B.O.P. nº 238 de 10 de Decembro de 2015, formulouse unha reclamación por parte da sociedade INDEZA S.L. -registro de 30 Decembro 2015, nº 6983, na que alega, en resumo, que debe figurar a cantidade de débeda total establecida por sentenza firme do Xulgado Contencioso nº 2 de Pontevedra (PA 310/2006, Execución 53/2013) e non a parcial de 132.208,79 € que constan nos Orzamentos do 2016

2. **Normativa Legal:** O art. 170.2 do TRLFL establece unha limitación en canto as motivacións que deben reunir tales reclamacións, de carácter taxativo. Só se poden formular as que reúnan un dos tres requisitos sinalados:

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:
- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
 - b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
 - c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

CONSIDERANDO que os Orzamentos do 2016 se aprobaron o 26 de Novembro de 2015, cando estaba pendente de tramitación unha proposta de pago fraccionada diante do Xulgado nº 2 -asunto "sub-iudice" nese senso-, polo que será esa resolución xudicial a que fixe a cantidade exacta a consignar nos Orzamentos, e que, a maior abundamento, a consignación



de 132.208,79 € terá sempre a consideración de ampliable (LXCA), e si fose necesario realizar una modificación orzamentaria, deberá efectuarse a mesma dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial -art. 104 da LXCA-, polo que, en síntese, o procedemento de pago está perfectamente regulado e garantido, a partir neste caso do auto que fixe os seus prazos, que, dependendo da cuantía, obrigaría a pertinente modificación orzamentaria nese prazo, dobre razón que converte en inadmisíbel a reclamación, subliñando por outra parte que a citada débeda está cedida ou embargada por outras sociedades/entidades acadando un porcentaxe considerable sobre o total, non omíndose por todo elo o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixíbeis.

Polo antes exposto, en uso das facultades atribuídas LRBRL, Texto Refundido da Lei Facendas Locais, Bases Execución Orzamentarias e lexislación concordante,


Por unanimidade, **se acorda:**


- Tendo en conta o disposto no art. 170.2 da LRFL, en relación co art. 104 da LXCA-, procede decretar a inadmisíbel da Reclamación contra os Orzamentos do 2016 formulada por INDEZA S.L.

- Elevar esta Resolución para a súa ratificación ao vindeiro Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 12 de Xaneiro de 2016


O Alcalde,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández


O Secretario,
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga